

Informe do Observatorio universitario dos retos dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel e Axenda 2030 para a Universidade Complutense de Madrid



Informe do Observatorio universitario dos retos dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel e Axenda 2030 para a Universidade Complutense de Madrid.

Decembro de 2024.

<https://observatorioucm2030.es/>

Proxecto subvencionado polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 na convocatoria do ano 2023 de subvencións para a realización de actividades relacionadas coa promoción e implementación da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostíbel en España.

0. Introducción	5
1. Dispositivo de avaliación da Axenda 2030. Sistema de indicadores	7
A. XUSTIFICACIÓN	7
B. MÉTODOS	9
B.1 Elección da metodoloxía do sistema de indicadores	9
B.2 Proceso de selección de indicadores	10
B.3 Desenvolvemento metodolóxico do indicador composto	13
B.4 Métodos de recompilación de datos	15
B.4.1 Recollida de información e datos das fontes públicas da universidade	15
B.4.2 Estudo cualitativo de imaxinarios sobre a transición ecosocial	15
B.4.3 Análise de coherencia de políticas	16
B.4.4 Xeración de datos mediante observación directa	19
B.4.5 Enquisa do Observatorio do Alumnado	20
C. RESULTADOS	20
C.1 Relación de cuestións a medir	20
C.2 Indicador composto	21
C.3 Progresividade dos obxectivos con horizonte 2030	22
2. Novos imaxinarios necesarios para a transición ecosocial a unha prosperidade xusta	26
2.1 Análise cualitativa dos imaxinarios actuais da comunidade universitaria	26
2.1.1 Ideario xeral	27
2.1.2 Ideario temático	29
2.2 O papel da Universidade e da ciencia nas transicións ecosociais	34
2.3 A función social da universidade nas transicións ecosociais	37
3. Compromiso de futuro	39
AGRADECEMENTOS	41

REFERENCIAS	41
ANEXO	43

0. Introducción

A Universidade é unha institución científica e educativa preparada para lidar, desde unha aproximación holística e crítica, coa complexidade e a incerteza, dous aspectos que se revelaron centrais para comprender o noso mundo no século XXI. Por iso, resulta ser un medio idóneo para abordar problemáticas diversas e para achegar ámbitos que, tradicionalmente, e en ocasións de maneira artificial, se pensaron illadamente. As esferas humanísticas, sociais e naturais, aínda que compartimentadas en distintas disciplinas, encontran e habitan un lugar compartido na Universidade. A interpretación, a análise, a tradución, a conservación ou a evocación que a Universidade fai da realidade sitúaa nunha posición preeminente para poder contribuír á transformación social.

No contexto actual, de policrise sistémica e transicións ecosociais, esta capacidade transformadora da Universidade supón grandes responsabilidades. Ademais, considerando que o escenario da Axenda 2030 e o enfoque dos seus Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel (ODS) é xa un espazo aberto de deliberación social e política en proceso, contar con universidades plenamente ecolóxicas convértese hoxe non só nunha “utopía factíbel” (Barnett, 2018), senón nunha necesidade.

O Observatorio universitario dos retos dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel e Axenda 2030 para a Universidade Complutense de Madrid (Observatorio UCM 2030) nace, entón, da necesidade de atender estas responsabilidades. Concíbese como un dispositivo de innovación social e institucional para a promoción dunha aproximación crítica e transformadora da Axenda 2030 nos debates científicos-académicos e cívico-sociais.

A natureza do proxecto é necesariamente interdisciplinaria e conta co apoio de Persoal Docente e Investigador (PDI) de sete Facultades da UCM (Facultade de Ciencias Políticas e Socioloxía, Facultade de Bioloxía, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Facultade de Ciencias da Información, Facultade de Ciencias Químicas, Facultade de Veterinaria), alumnado e Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos (PTXAS) da UCM, así como doutros actores sociais e institucionais tanto dentro como fóra da Universidade (espazos de investigación e comunidades universitarias, institucións públicas e movementos sociais).

O Observatorio recolle a visión de universalidade dos dereitos, de toma de responsabilidade global e local compartida, pero diferenciada, asumindo o papel de liderado social da

universidade pública para, en primeiro lugar, avaliar como está asumindo as súas responsabilidades fronte aos retos ecosociais e, en segundo termo, para contribuír a mellorar e facer máis eficiente o seu desempeño nesta cuestión. Así, un dos obxectivos do Observatorio é construír, de forma participativa, un sistema integral de indicadores ecosociais que permitan levar a cabo un seguimento crítico do desempeño universitario no marco da Axenda 2030 aterrando, así, os ODS na realidade das universidades públicas españolas.

A avaliación do desempeño universitario en relación cos retos e transicións ecosociais esténdese desde o campus, ao espazo docente e investigador, até a capacidade de proxección exterior da universidade. Esta pode reforzar un papel de co-liderado na procura de solucións a problemáticas, actuais e de futuro, nun espazo fundamental de desenvolvemento científico e investigador, así como de educación da cidadanía. Neste sentido, a utilidade da transferencia de coñecementos e saberes, e das mensaxes que se trasladan á sociedade, tamén forman parte do papel responsábel da universidade pública no contexto da actual emerxencia planetaria. A universidade pública como intercambio de coñecemento e experiencias, financiadas con diñeiro público, común, concíbese tamén como un espazo cívico, de encontro social, capaz de fortalecer os vínculos comunitarios.

Neste informe preséntase a proposta do sistema de indicadores deseñado no marco do proxecto, así como os resultados preliminares obtidos até a data. A construción do sistema de indicadores é un reflexo do modo de traballo do Observatorio e, por iso, tamén é parte do traballo colaborativo do grupo de investigadores/as organizados/as en cinco grupos de traballo temáticos vinculados aos ODS.

Nestes grupos de traballo reflexionouse de maneira colectiva sobre o modo en que se concreta a Axenda 2030 no contexto universitario, atendendo a dimensións como a docencia e a investigación, os ecosistemas que conforman os campus e a gobernanza, así como a proxección institucional da universidade cara á sociedade.

É precisamente neste ámbito de proxección onde o Observatorio busca abrir un espazo de intervencións e transformacións que transcendan o contexto universitario para reflexionar, de maneira transdisciplinaria, sobre as grandes cuestións que presentan os retos ecosociais. Recoñecendo o papel da universidade como actor con capacidade para xerar coñecemento e narrativas que poidan contribuír a afondar no diagnóstico da crise ecosocial

e a presentar horizontes emancipadores, o Observatorio pretende contribuír á creación de novos imaxinarios ante os descomunais desafíos do noso século.

1. Dispositivo de avaliación da Axenda 2030.

Sistema de indicadores

A. XUSTIFICACIÓN

Nacións Unidas destacou o papel da Universidade na promoción e implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel (ODS) definidos na Axenda 2030. A educación e investigación universitarias, a súa capacidade de innovar, así como o seu liderado social E posición privilexiada para tecer alianzas intersectoriais, sitúana como un actor esencial da transición ecosocial. De aí que Nacións Unidas a emprece a incorporar os ODS tras un diagnóstico previo (SDSN, 2017: 2-3).

Por outra banda, desde a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) sinalouse que “as universidades deben de reflexionar de maneira colectiva sobre que implicacións teñen os ODS e seren capaces de abordar, de forma conxunta, quee cambios se necesitan introducir no sistema universitario para poder incorporar a Axenda 2030” (Gómez e Solana, 2016: 4; ver tamén: CRUE, 2021).

A recoñecida capacidade de transformación da Universidade sobre a sociedade implica unha gran responsabilidade neste momento histórico. Os ODS erixíronse xa como un marco sociopolítico ineludíbel á hora de guiar o futuro da institución (Alcaraz e Alonso, 2019: 34-35). Contar con universidades plenamente ecosociais convértese hoxe nunha “utopía factíbel” que precisa de iniciativas concretas e recursos para iso (Barnett, 2018).

Resulta así necesario, en primeiro lugar, contar cuns indicadores que nos mostren onde estamos e como avanzamos. A Universidade Complutense de Madrid (UCM) é a maior en canto a ensino presencial entre as españolas. En cambio, e a pesar dos avances emprendidos, carece aínda destas valiosas ferramentas de medición cuxa aparición, ben é certo, resulta recente (UPV, 2020).

Por todo isto, no contexto dun proxecto de creación e desenvolvemento dun Observatorio universitario de seguimento da aplicación dos ODS da Axenda 2030 na UCM, deuse inicio a

un labor conceptual e teórico que daría posteriormente lugar a un sistema propio de indicadores que achegasen unha nova mirada á discusión contemporánea na materia.

Neste sentido, o equipo investigador elaborou un plan de traballo cuxo esquema se reflicte na seguinte figura.




Fig. 1: esquema do proceso. Fonte: elaboración propia.

O primeiro paso consistiu en realizar a análise das opcións metodolóxicas para a definición do método máis idóneo para medir o desempeño da universidade na aplicación da Axenda 2030, combinando a adecuación teórica, a representatividade estatística e a dispoñibilidade de datos.

Posteriormente, realizouse a definición das categorías de indicadores, a súa ponderación e o establecemento dos estándares vinculados á súa normalización.

De xeito paralelo, organizáronse os grupos de traballo con máis de 30 investigadores e investigadoras da UCM onde se poría en marcha un rico traballo e diálogo interdisciplinario. O obxectivo era aclarar conceptualmente algúns dos termos centrais que xurdiron dunha lectura crítica da Axenda 2030, estudando a fondo a súa aterraxe na universidade, as experiencias doutras universidades nacionais e internacionais, para finalmente propor enfoques e indicadores capaces de medir, en cada grupo, os obxectivos marcados.

Axiña se puxo en marcha despois o traballo de definición detallada dos métodos de recolección de datos, a súa organización e a execución efectiva da recolección dos datos. Máis adiante, pasouse ao procesamento e agregación dos datos resultantes dos procesos de recolección segundo o formato do sistema de indicadores definido.

Finalmente, deuse lugar á obtención dos resultados da avaliación baseada no sistema de indicadores a partir da agregación dos datos recollidos.

B. MÉTODOS

O marco metodolóxico toma como referencia os recentes libros brancos do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), concretamente o primeiro, no que se presentan os grandes desafíos para promover unhas novas bases para unha sociedade global sostíbel nos diversos programas de investigación de cara ao ano 2030.

Trátase dun marco orientado pola necesidade de avanzar na colaboración inter e transdisciplinaria, así como nas perspectivas aplicadas para a sustentabilidade da vida, procesos nos que as ciencias sociais deben xogar un activo rol intermediador. En particular, a orientación principal atópase no denominado *Desafío A* do primeiro libro, centrado nas relacións entre a ciencia, a innovación e o coñecemento para modelos sostíbeis de desenvolvemento.

Grazas a que o equipo investigador conta con profesionais de sete facultades da Universidade Complutense, asúmese o primeiro reto metodolóxico para “o desenvolvemento de marcos de investigación orientados á transformación cara á sustentabilidade socio-ecolóxica” (Cañibano e Pavone, 2022).

B.1 Elección da metodoloxía do sistema de indicadores

A análise das opcións metodolóxicas para medir o desempeño da universidade na aplicación da Axenda 2030 levou á elección de crear un indicador composto, dado que se considerou que sería o que mellor se adaptaría aos obxectivos de adecuación teórica, representatividade estatística e dispoñibilidade diversa de datos que se buscaba.

Un indicador composto consiste na combinación de diferentes indicadores co obxectivo de describir o estado e evolución dun determinado fenómeno multidimensional. Os indicadores compostos son algo habitual no mundo das ciencias sociais. Hai exemplos diversos, quizais o máis coñecido é o caso do Produto Interior Bruto (PIB), que aborda as diferentes actividades económicas combinadas en relación aos prezos relativos.

Tal como se explica no *Handbook on Constructing Composite Indicators* (OECD e JRC, 2008), que foi o documento básico utilizado no traballo de creación do indicador composto resultante do noso sistema de indicadores, este ten os seguintes aspectos positivos:

- Permite resumir fenómenos económicos complexos de maneira simple.
- Permite interpretar rapidamente moita información.
- Permite a comparación entre actores con facilidade.
- Dá información sen ter que introducir moitos datos.

B.2 Proceso de selección de indicadores

Para proceder á selección dos indicadores que formasen parte do sistema do que resultaría o indicador composto, en primeiro lugar, o grupo de 30 investigadores e investigadoras das diferentes Facultades da Universidade Complutense de Madrid dividiu os ODS en cinco grupos, seguindo criterios de afinidade entre eles e de relación entre sectores ou temáticas.

Estes grupos chamáronse Grupos de Traballo Temáticos (GTT), e organizáronse segundo se observa na figura seguinte.



Fig. 2: composición dos Grupos de Traballo Temáticos (GTT). Fonte: elaboración propia.

O obxectivo de agrupar os ODS segundo temáticas era facilitar a análise das persoas investigadoras a través da focalización nunha serie de temáticas interrelacionadas e vinculadas á súa experiencia profesional. Para facilitar a transversalidade e a coherencia interna entre os traballos desenvolvidos por estes GTT, realizouse un labor constante de coordinación entre eles, levado a cabo principalmente polas persoas da oficina técnica do Observatorio, cuxos membros se repartiron así mesmo entre os cinco GTT, participando da súa actividade cotiá e axudándoos nas súas tarefas.

Estes GTT partiron dun intenso proceso de revisión crítica dos ODS, elaborando documentos de base teórica e conceptual que servisen de reflexión sobre a Axenda 2030 e a súa aterraxe nas institucións universitarias en plena crise ecosocial. Diversas reunións, así como unha serie de actos de apoio con persoas relevantes externas ao proxecto, acompañarían todo este labor. Ao mesmo tempo que se ía elaborando o documento base

de cada grupo, cuxa síntese formará parte dun libro colectivo que será un dos resultados do proxecto, os GTT definiron unha serie de indicadores que consideraron necesarios para comprobar o desempeño da universidade na aplicación da Axenda 2030 á súa actividade.

Para este cometido, definíronse así tres niveis de análise da actividade da universidade: i) Campus, ii) Docencia e investigación, iii) Discursos e prácticas institucionais. Como se mostra na seguinte figura, cada un destes niveis de análise da actividade universitaria comprende por súa vez diferentes ámbitos.




Fig. 3: niveis de análise. Fonte: elaboración propia.

O primeiro nivel de análise, *Campus*, comprende todo o relacionado co espazo e as infraestruturas onde se desenvolven a actividade universitaria, así como a súa xestión. No segundo nivel de análise, *Docencia e investigación*, encontramos os contidos da actividade principal da vida universitaria. No terceiro nivel de análise, *Discursos e prácticas institucionais*, inclúense as actividades da universidade en relación coa sociedade, tanto na comunicación formal a través de discursos e representacións simbólicas oficiais, incluídas as alianzas escollidas, como mediante as diferentes prácticas institucionais, incluídos os plans estratéxicos, as políticas de igualdade de xénero ou de sustentabilidade, entre outras.

Desta forma, a selección de indicadores caracterizouse por unha combinación dunha análise teórica previa de envergadura, onde a análise política sobre como abordar a crisis ecosocial resulta central, coa súa tradución final a uns criterios estatísticos capaces de ofrecer unha representación válida ás aproximacións precedentes. Así, estes indicadores:

- Parten dunha aproximación teórica.
- Responden a unha análise política (ou político-científica).
- Responden a criterios estatísticos.

Trala fase de traballo autónomo dos GTT na reflexión teórica e na definición inicial dos indicadores, realizouse un traballo conxunto do grupo de 30 persoas investigadoras dedicado a resolver as interseccións entre indicadores de diferentes GTT, a fixación dos estándares do proceso de normalización, as decisións sobre as ponderacións e a agregación de datos, e o resto de traballos estatísticos que figura no esquema inicial do documento.

Nesta fase definíronse tamén os indicadores para os que se consideraba imprescindible obter datos desde o primeiro momento. Para iso, escolléronse 25 indicadores do total do sistema que cumprisen coas seguintes condicións: que estivesen equitativamente repartidos entre as temáticas da Axenda 2030, que fosen moi importantes para a medición do desempeño da universidade na súa aplicación e que non se tivese constancia da existencia de datos públicos sobre eles.

B.3 Desenvolvemento metodolóxico do indicador composto

A partir da definición dos indicadores, procedeuse a desenvolver a metodoloxía segundo a referida guía sobre indicadores compostos (OECD e JRC, 2008), comezando coa normalización dos indicadores.

O proceso de normalización consiste en crear unha única unidade de medida para todos os compoñentes dos indicadores, a partir da diversidade de unidades de medida de cada un deles. As ponderacións, por outra banda, son o instrumento principal para determinar o peso relativo dos indicadores. Estas ponderacións teñen que cumprir esta restrición:

$$\alpha + \dots + \beta + \alpha' + \dots + \beta' + \alpha'' + \dots + \beta'' = 1$$

Onde “ $\alpha + \dots + \beta$ ” son a suma do total de ponderacións dos indicadores dun determinado nivel de análise. “ $\alpha' + \dots + \beta$ ” son a suma do total de ponderacións dos indicadores doutro determinado nivel de análise. E, “ $\alpha'' + \dots + \beta$ ” son a suma do total de ponderacións dos indicadores dun terceiro determinado nivel de análise.

Así mesmo, como resultado do proceso de reflexión e deliberación do grupo investigador, e para obter unha representación fiel da realidade universitaria, considerouse que as ponderacións entre os tres niveis de análise fosen equitativas, polo que cada unha delas representa unha terceira parte do resultado final.

Unha vez determinado o método de normalización e as ponderacións procédese á agregación de acordo con esta fórmula:

$$\text{Cualificación} = \sum AH1N \cdot \alpha + \dots + AV2N \cdot \beta + \sum SL1N \cdot \alpha' + \dots + SR2N \cdot \beta' + \sum GG1N \cdot \alpha'' + \dots + GT3N \cdot \beta''$$

Onde “ $AH1N + \dots + AV2N$ ”, “ $SL1N + \dots + SR2N$ ”, “ $GG1N + \dots + GT3N$ ” son a suma de todos os indicadores. Para mostrar a evolución por niveis de análise do indicador composto, ás cualificacións desagregadas aplícanse estas fórmulas:

$$\text{Cualificación A} = \sum (AH1N \cdot \alpha + \dots + AV2N \cdot \beta)$$

$$\text{Cualificación B} = \sum (SL1N \cdot \alpha' + \dots + SR2N \cdot \beta')$$

$$\text{Cualificación C} = \sum (GG1N \cdot \alpha'' + \dots + GT3N \cdot \beta'')$$

Convén sinalar que algúns dos indicadores utilizados poderían ter un efecto negativo sobre o desempeño da universidade na aplicación adecuada da Axenda 2030, polo que a eses indicadores asignaríase un valor negativo no proceso de agregación.

Ademais, do proceso de reflexión e deliberación do grupo investigador no seu conxunto resultou a necesidade de ponderar de maneira diferente (maior) aqueles indicadores que se considerasen con maior importancia sobre a media. Esta medida tomouse en maior

proporción para indicadores con efecto negativo sobre o resultado da aplicación da Axenda 2030 á universidade.

Unha vez feita a agregación, aplícanse as cualificacións.

B.4 Métodos de recompilación de datos

Os datos para alimentar o sistema de indicadores que dan lugar ao indicador composto teñen diferentes orixes. Esta decisión tomouse co obxectivo de abarcar o maior número posíbel de dimensións da realidade da actividade da universidade.

Deseñáronse así diferentes métodos de recompilación de datos en función o tipo de información que se requiría obter. Eses métodos foron os seguintes:

B.4.1 Recollida de información e datos das fontes públicas da universidade

As fontes dos datos en liña que alimentan o sistema de indicadores foron, fundamentalmente: a páxina web institucional da universidade, o seu portal de transparencia, o Sistema Integrado de Datos Institucionais (SIDI) e o portal de datos abertos de educación superior (UniversiDATA).

B.4.2 Estudo cualitativo de imaxinarios sobre a transición ecosocial

O estudo cualitativo de imaxinarios sobre a transición ecosocial da comunidade complutense consistiu no seguinte:

- Obxectivos:

- 1) explorar o imaxinario da comunidade universitaria sobre a transición ecosocial;
- 2) identificar barreiras e facilitadores para a realización de accións de cara á consecución dos ODS na universidade.

- Técnica: conformación de 3 grupos triangulares (GT) e realización de 6 entrevistas en profundidade
- Deseño da mostra: 1 Grupo de Traballo (GT) con estudantes sensíbeis á sustentabilidade; 1 GT con PDI mulleres sensibles; 1 GT con sindicatos; 6 entrevistas en profundidade con: PDI non sensibles, PTGAS.
- Guión cos seguintes grandes bloques temáticos adaptados a cada tipo de perfil:
 - Que é para vós a transición ecosocial?
 - Que pensas sobre temas específicos da transición ecosocial?
 - Que barreiras e facilitadores identificas para levar a cabo accións relacionadas coa consecución dos ODS na universidade?

B.4.3 Análise de coherencia de políticas

A análise de coherencia de políticas institucionais da universidade consistiu na análise dunha serie de documentación da UCM para detectar potenciais incoherencias daquelas accións, decisións, acordos, encontros ou colaboracións da Universidade Complutense de Madrid cos obxectivos e metas enunciados nos ODS.

A documentación analizada para ese estudo de coherencia de políticas foi:

- Páxinas web institucionais da universidade.
- Análise daqueles documentos vixentes que guíen oficialmente o funcionamento institucional da UCM (acordos de goberno, protocolos de sustentabilidade, de acoso ou de transparencia, etc.).
- Información das Cátedras Extraordinarias.
- Documentación do Portal de Transparencia da UCM.
- Notas de prensa e información do gabinete de prensa da UCM.

Marco conceptual:

Para encontrar aquelas incoherencias que a UCM poida ter en relación cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel realízase unha confrontación entre o que chamamos *Documentos constitucionais* e *Documentos demostrables*. A estas categorías, por acometer un marco de sentido colectivo, acabamos por definilas como *Documentos posicionais* e *Documentos prácticos ou de acción*.

Os *Documentos posicionais* enténdense como unha extensión máis da entidade UCM, onde quedan plasmadas as súas orientacións e posicionamentos respecto aos ODS. Por outro lado, os *Documentos prácticos* serán aqueles que demostrarán se existe incoherencia da institución respecto ao seu pronunciamento previo.

Polo tanto, o obxectivo neste sentido era atopar aqueles aspectos sistemáticos que entrasen en contradición cos ODS desde a implementación da Axenda 2030 pola Universidade Complutense en 2016. Para iso seguimos este esquema: **Documento posicional ≠ Documento práctico = Incoherencia.**

Para atopar estas incoherencias estruturouse un método de recompilación de datos segundo distintas fontes provenientes da UCM.

ID	Nome documento	Tipo de documento	Volume documental estimado ANUAL	Volume documental estimado TOTAL
1	Notas de prensa	Primario	110	880
2	Noticias do portal UCM	Primario		50
3	Cátedras	Secundario	55	440
4	Convenios	Secundario	160	1280
5	Contratos menores, privados e emerxencias*	Secundario	1700	13600
6	Contratos baseados en acordos marco*	Secundario	8200	65600

7	Contratos de obras*	Secundario	320	2560
8	Contratos: adxudicatarios	Secundario	100	800
9	Acordos do Consello de Goberno UCM	Primario	11	88
10	Acordos da Comisión Permanente	Primario	12	96
11	Acordos dos Plenos do Consello Social	Primario	12	96
12	Boletín Oficial da UCM	Secundario	35	280
13	Convenios asinados pola Fundación General UCM	Secundario	50	400

Táboa 1: Portais potenciais para a recompilación de datos¹. Elaboración propia.

*: O volume de documentos en relación ao interese dos mesmos imposibilita a realización dunha análise sistemática. Proponse, respecto aos contratos asinados pola UCM no período de estudo, analizar as entidades adxudicatarias (ID 8), e só en casos específicos estudar o contido dos contratos.

Metodoloxía de busca e filtrado da información:

Ante o gran volume de documentación, e co obxectivo de simplificar a busca, sistematizouse un método de rastrexo para seleccionar, analizar e filtrar todos aqueles potenciais documentos que puidesen significar incoherencias.

A través dunha intelixencia artificial (IA), creouse un modelo de busca simplificado baseado nos Grupos de Traballo Temáticos (GTT) reflectidos no Observatorio UCM 2030. Cada

¹ Considerouse como *documento primario* todos aqueles documentos unitarios de fácil acceso e que poden ser analizados claramente de forma manual ou a través do modelo de intelixencia artificial. Considerouse *documento secundario* aqueles documentos que poden estar compostos doutros documentos e requiren unha revisión manual algo máis detida.

grupo temático está composto á súa vez de subtemas ou palabras clave en referencia a cada ODS.

Toda vez que a IA procesa o modelo, crea un dicionario temático, que se toma como referencia para analizar e filtrar os documentos. O resultado deste filtrado é un arquivo cunha selección de parágrafos relacionados con algunha das palabras clave do dicionario, indicando á súa vez cal é esa palabra e a que grupo temático pertence.

B.4.4 Xeración de datos mediante observación directa

A recompilación de datos *in situ* dirixiuse a obter datos a través da observación directa de 25 dos indicadores definidos inicialmente polos GTT. De maneira especial, detectárase neles un grao de importancia maior para os resultados ca a media dos indicadores.

Para iso, establecéronse os seguintes criterios:

- Equilibrio entre as diferentes temáticas do Observatorio, para o cal cada GTT escolleu entre 4 e 5 indicadores.
- Os indicadores escollidos deberían considerarse moi importantes.
- Así mesmo, os indicadores escollidos non deberían ter información dispoñíbel nas fontes públicas da universidade.

Deste modo, coa información xerada sobre eses 20-25 indicadores, máis os conseguidos mediante a revisión de fontes públicas, pretendíanse abarcar todos os aspectos considerados *moi importantes* por parte dos membros do Observatorio, con independencia de que esa información estivese dispoñíbel en fontes de datos existentes. O Observatorio tomou a decisión de responsabilizarse en obter esa información clave para, desta forma, poder avaliar completa e correctamente o desempeño da Universidade Complutense de Madrid na aplicación da Axenda 2030 e os seus ODS.

B.4.5 Enquisa do Observatorio do Alumnado

Finalmente, deseñouse unha enquisa dirixida a toda a comunidade da UCM a través do seu Observatorio do Estudiante. Esta centrouse en avaliar a percepción e actitudes respecto ao cambio climático na UCM, participando nela máis de 1200 persoas.

A enquisa compúxose de 34 preguntas relativas aos seguintes grupos de cuestións:

- Sociodemográficas.
- Fontes de información a partir das que se informan sobre a actualidade.
- Percepción sobre o cambio climático.
- Actitudes respecto ao cambio climático.
- Papel da universidade na resolución do cambio climático.
- Confianza e confianza na ciencia en relación co cambio climático.
- Desinformación sobre o cambio climático.
- Conspiracións concretas sobre o cambio climático.
- Coñecemento sobre o cambio climático.

En último termo, o conxunto de datos recompilados mediante esta diversidade de métodos trasladouse ao sistema de indicadores que deu lugar ao indicador composto. Para iso, definíronse os indicadores no seu nivel de análise correspondente.

C. RESULTADOS

C.1 Relación de cuestións a medir

Para cada un dos tres niveis de análise (*Campus, Docencia e investigación, Discursos e prácticas institucionais*) os GTT, tras todo o traballo teórico que acabaría reflectíndose nos documentos que posteriormente darían lugar ao libro colectivo editado desde o proxecto, definiron unha serie de cuestións que cumpriría ter en conta para realizar o seguimento da actividade da universidade en relación á aplicación da Axenda 2030 e os seus ODS.

Pódense consultar esas cuestións principais definidas polos GTT no Anexo deste Informe.

A partir desta relación de cuestións a ter en conta para a avaliación da aplicación da Axenda 2030 e os seus ODS por parte da universidade, concretáronse os indicadores de cada nivel de análise.

C.2 Indicador composto

O indicador composto resultante do proceso de definición do sistema de indicadores para medir o desempeño da Universidade Complutense de Madrid inclúe arredor de 470 indicadores, divididos entre os tres niveis de análise definidos.




Fig. 4: sistema de indicadores. Fonte: elaboración propia.

Conseguiuse limitar a porcentaxe de indicadores que só poden ofrecer dous resultados (indicadores binarios) a menos dun 30 % do total dos indicadores, co obxectivo de evitar unha deterioración na calidade da información obtida a través do indicador composto.

C.3 Progresividade dos obxectivos con horizonte 2030

Durante os debates metodolóxicos levados a cabo arredor da definición do sistema de avaliación final ao longo dos anos do período 2024-2030 considerouse que a opción máis razoábel para fixar os obxectivos de cumprimento da UCM na aplicación da Axenda 2030 tal e como vén definida polo sistema de indicadores do Observatorio UCM 2030 sería mediante un aumento progresivo dos intervalos de cualificación do indicador composto.



Fig. 5: progresividade dos obxectivos. Fonte: elaboración propia.

Desta maneira facilítase a rastrexabilidade dos indicadores e a necesaria previsión dos plans da universidade para cumprir con eses obxectivos.

Discusión entre progresividade lineal e progresividade crecente exponencial

Desde o Observatorio analizáronse os diferentes tipos de traxectorias que podería seguir o cumprimento dos obxectivos da Axenda 2030, tal e como se definen no sistema de indicadores, entre os anos 2024 e 2030.

Entre os dous grandes tipos de traxectoria (lineal e exponencial), considerouse máis conveniente utilizar a exponencial para facilitar a realización dos cambios estruturais ao inicio do proceso (nese período) que permitisen abordar os cambios e melloras máis rapidamente na parte final do mesmo.




Fig. 6: traxectorias lineal e exponencial de cumprimento do obxectivo 2030. Fonte: elaboración propia.

Como se pode observar na figura, a traxectoria lineal ten unha pendente constante en todo o período entre 2024 e 2030 para lograr o obxectivo de cumprimento final en 2030. Esa pendente, que se representa coa letra grega α , ten o mesmo valor en toda a traxectoria, o que significa que o nivel de esforzo cada ano do período é similar.

Non obstante, na traxectoria exponencial encontramos que os primeiros anos a pendente da traxectoria é menor ca nos últimos anos. Por exemplo, no ano 2025 a pendente, representada coa letra grega β , é moito menor ca a da traxectoria lineal (α) e ca a pendente do ano 2027, representada coa letra grega γ . Neste caso do ano 2027, observamos que as pendentes lineal e exponencial son similares ($\alpha \sim \gamma$), a pesar de que aínda a pendente lineal é superior. Pero a partir deste ano as pendentes da traxectoria exponencial crecen a un ritmo maior, chegando a ser no ano 2029 moito maior ca as anteriores e ca a da traxectoria lineal. Pódese observar na figura que a pendente da traxectoria exponencial o ano 2029, representada pola letra grega δ , é moito maior ca as demais ($\delta \gg \beta, \gamma, \alpha$). Isto representa que os esforzos dos últimos anos deberán ser moito maiores para lograr o obxectivo de cumprimento en 2030.

Esta explicación teórica ten unha tradución aos valores dos obxectivos concretos do indicador composto para cada ano do período 2024-2030.

Previamente realízase o cálculo da dimensión dos intervalos de cualificación (I, II, III, IV, V) para cada un dos anos do período (2024-2030). Para iso, utilízanse os mesmos factores de progresión que resultaron da aplicación da traxectoria exponencial. Desta maneira pódese observar na seguinte figura que os intervalos coas cualificacións máis esixentes tenden a ser progresivamente tamén máis reducidos en sintonía coa evolución do esforzo da traxectoria exponencial.

2024	Intervalo	Peso	2025	Intervalo	Peso
I	100	0,20	I	98,44	0,20
II	100	0,20	II	99,98	0,20
III	100	0,20	III	101,54	0,20
IV	100	0,20	IV	103,12	0,21
V	100	0,20	V	96,92	0,19

2026	Intervalo	Peso	2027	Intervalo	Peso
I	95,36	0,19	I	89,40	0,18
II	98,34	0,20	II	94,99	0,19
III	101,41	0,20	III	100,93	0,20
IV	104,58	0,21	IV	107,23	0,21
V	100,30	0,20	V	107,45	0,21

2028	Intervalo	Peso	2029	Intervalo	Peso
I	78,23	0,16	I	58,67	0,12
II	88,00	0,18	II	73,34	0,15
III	99,00	0,20	III	91,67	0,18
IV	111,38	0,22	IV	114,59	0,23
V	123,38	0,25	V	161,73	0,32

2030	Intervalo	Peso
I	29,33	0,06
II	44,00	0,09
III	66,00	0,13
IV	99,00	0,20
V	261,65	0,52

Fig. 7: distribución dos intervalos de cualificación do indicador composto e o seu peso relativo 2024-2030. Fonte: elaboración propia.




Fig. 8: distribución do peso relativo dos intervalos de cualificación do indicador composto 2024-2030. Fonte: elaboración propia.

A tradución destes cálculos, agora si, ás puntuacións de cualificación por categorías (I, II, III, IV, V) en cada ano do período (2024-2030) son as que mostran na seguinte figura.

2024		2025		2026	
I	900-1000	I	902-1000	I	905-1000
II	800-899	II	802-901	II	806-904
III	700-799	III	700-801	III	704-805
IV	600-699	IV	596-699	IV	599-703
V	500-599	V	500-595	V	500-598

2027		2028		2029	
I	911-1000	I	922-1000	I	942-1000
II	815-910	II	833-921	II	868-941
III	713-814	III	733-832	III	776-867
IV	605-712	IV	621-732	IV	661-775
V	500-604	V	500-620	V	500-660

2030	
I	971-1000
II	926-970
III	859-925
IV	759-858
V	500-758

Fig. 9: distribución das cualificacións resultantes do indicador composto 2024-2030. Fonte: elaboración propia.

2. Novos imaxinarios necesarios para a transición ecosocial a unha prosperidade xusta

Durante o ano 2024 o Observatorio UCM 2030 tamén se dedicou á reflexión sobre a necesidade de crear e desenvolver novos imaxinarios de análise, comprensión e transformación ante os retos das transicións ecosociais no marco da lectura da Axenda 2030 e os seus ODS. A continuación, móstranse os principais resultados das sesións de reflexión que se organizaron ao respecto.

2.1 Análise cualitativa dos imaxinarios actuais da comunidade universitaria

A análise cualitativa dos imaxinarios actuais da comunidade universitaria complutense presenta o discurso das persoas participantes sobre a transición ecosocial e os aspectos que a facilitan e a dificultan no marco da UCM. Polo tanto, a análise contén estes dous grandes elementos:

- a. Ideario**, onde se reflicte a ideoloxía e as reflexións das participantes sobre a transición ecosocial, organizada nos cinco bloques temáticos referidos no parágrafo anterior;
- b. Prácticas que impactan na transición ecosocial da UCM**, onde se recollen as principais barreiras e facilitadores para a transición ecosocial no contexto da UCM, estruturados baixo os tres niveis de análise de interese do proxecto.

Estes dous elementos de análise vense reflectidos nos resultados obtidos nas entrevistas individuais e grupais a membros da comunidade complutense, como se describe a continuación nos apartados de: Ideario xeral e Idearios temáticos sobre transicións ecosociais.

2.1.1 Ideario xeral

No discurso das persoas participantes, apréciase un **coñecemento e unha reflexión previa sobre a transición ecosocial**. A gran maioría de participantes demostrou ter unha importante sensibilidade sobre este tema, e mesmo algunhas das persoas entrevistadas referiron contar con formación específica nese ámbito. Unicamente dúas das quince persoas entrevistadas declararon non estaren familiarizadas co concepto, sendo esas persoas as que asociaron en maior medida a definición de transición ecosocial aos ODS do pacto mundial da Organización de Nacións Unidas.

As **primeiras reflexións** das persoas participantes respecto á transición ecosocial céntranse, na súa maioría, en temas relacionados co **medio ambiente e a economía**. De maneira espontánea, sen intervención nin preguntas dirixidas do entrevistador ou entrevistadora, as participantes identifican estes aspectos como fundamentais para

comprender a transición ecosocial. En menor medida, algunhas persoas participantes mencionan tamén temas de **igualdade, diversidade e xustiza social**, aínda que sen chegar a ocupar unha posición central no discurso espontáneo.

Por outra banda, a **gobernanza non aparece nas reflexións** iniciais das persoas participantes, o cal suxire que este aspecto non se percibe de inmediato como un compoñente esencial da transición ecosocial no contexto universitario. Ademais, **unicamente unha persoa fai mención a temas de saúde e alimentación**, sinalando a importancia de garantir o “benestar” das persoas.

En termos xerais, o discurso das persoas participantes sobre a transición ecosocial reflicte a necesidade dun **cambio estrutural nos modelos económicos e de consumo**. Existe consenso arredor da percepción de que a sustentabilidade e a equidade requiren unha reestruturación profunda do sistema, onde se visibilicen e afronten os custos ambientais que, segundo a maioría dos perfís entrevistados, son obviados polo actual modelo de crecemento económico. Esta visión transformadora recolleuse de perfís cunha ideoloxía progresista e crítica sobre a transición ecosocial, sendo a orientación ideolóxica da maioría das persoas entrevistadas. Algunhas das entrevistadas, do perfil do alumnado, profesorado e sindicatos, mencionaron explicitamente seren “*ecoloxistas e anticapitalistas*”, por ser o capitalismo “*extractivista e patriarcal*”.

Varias persoas participantes destacaron que, malia o fundamental de tomar medidas sistémicas e estruturais relacionadas coa política e a gobernanza, as **accións individuais ou a nivel micro** tamén teñen un peso importante na transición ecosocial, ao teren o potencial de transformarse en cambios e movementos colectivos.

Varios participantes fan fincapé en que a crise ambiental e a deterioración dos ecosistemas producidos polo modelo económico e de consumo actual, son inseparábeis da acentuación das **desigualdades sociais**, e suxiren que a transición ecosocial debe integrarse con medidas que aborden tamén a equidade e a xustiza social.

As participantes do alumnado destacaron de forma consensuada a necesidade de falar en plural das “transicións ecosociais”, integrando a visión do **decolonialismo** na súa ideoloxía respecto a este tema.

Esta visión relaciónase coa dalgunhas persoas do perfil de PDI, que mencionaron a **xustiza social** como aspecto central da transición ecosocial, referindo que a ausencia de foco sobre este tema podería contribuír á xeración de novas desigualdades durante a propia transición.

Por outra parte, no grupo do alumnado xurdiu, de maneira consensual, unha crítica ao feito de que a transición ecosocial orbite arredor do concepto de “desenvolvemento sustentábel”. No seu lugar defenderon posturas que van máis alá da sustentabilidade do desenvolvemento e apuntan á necesidade de superar o propio paradigma de progreso-desenvolvemento, xa que o consideran unha continuación do capitalismo.

Unha das persoas entrevistadas no grupo de profesorado mixto sinalou o carácter **urxente** da transición, sendo unha opinión unánime no grupo. Por outra banda, unha representante sindical considera que a **sensibilidade sobre a transición está marcada por un forte carácter xeracional**, sendo un tema que preocupa máis ás persoas máis novas ca ás de maior idade.

O discurso das participantes revela un consenso absoluto respecto á **necesidade da UCM de realizar unha transición ecosocial**. Ese discurso centrouse, maioritariamente, na adopción de estratexias de consumo máis sustentábeis, remodelación de infraestruturas, etc. Ademais, nos grupos de PDI sinalouse mesmo a necesidade de facer unha transición a nivel do coñecemento xerado nas universidades, que debe afastarse do paradigma progreso-desenvolvemento.

Tamén se observa consenso total sobre **a responsabilidade e o potencial da UCM para desempeñar un papel central na transición ecosocial**. En xeral, percíbese a universidade como un espazo ideal para liderar e modelar a transición ecosocial, debido ao seu rol como institución formadora e produtora de coñecemento científico. As participantes falan da Universidade como un lugar desde o que xerar coñecemento rigoroso que favoreza a transición ecosocial, ademais do lugar desde o que desenvolver prácticas que sirvan como exemplo para outras comunidades ou sociedades.

Porén, algunhas participantes do perfil de PDI e PTGAS, apuntan a que **a UCM se encontra actualmente moi afastada do proceso de transición**, polo inmovilismo das estruturas da propia institución e por barreiras como a económica.

2.1.2 Ideario temático

A continuación, afondarase no ideario das persoas participantes arredor das dimensións máis concretas como son a economía; o medio ambiente; a igualdade, xustiza social e diversidade; a saúde e a alimentación; e, por último, a gobernanza.

Economía

O discurso por volta da economía está marcado por un consenso sobre que o sistema actual de **crecemento económico ten un impacto negativo** na sustentabilidade **ambiental e social**. A maioría percibe que o modelo económico vixente é insostíbel, xa que externaliza os custos ambientais e non incorpora nos seus cálculos os efectos negativos da produción no medio ambiente e a sociedade.

Dentro desta visión, identifícanse **dúas posturas**. Algunhas persoas, vinculadas a movementos sindicais, do alumnado e PDI, sinalan que o capitalismo, co seu enfoque no crecemento ilimitado, é unha barreira fundamental para a transición ecosocial en calquera ámbito, defendendo posturas **anticapitalistas e de decrecemento**. Outras defenden que **non se debe renunciar ao desenvolvemento**, senón que a solución pasaría por incluír a consideración dos custos ambientais no modelo actual de produción e consumo.

En canto á **economía interna da universidade**, os participantes tamén destacan a necesidade dunha maior **transparencia e unha xestión máis equitativa** dos recursos económicos. Algunhas voces mencionan que a UCM debería reorientar o seu orzamento cara a prácticas e políticas que lle dean prioridade á sustentabilidade e á equidade, deixando de lado gastos menos estratéxicos en favor dun uso de recursos que beneficie directamente a comunidade universitaria e a equidade da mesma.

Medio ambiente

O discurso das participantes arredor do medio ambiente mostra un consenso xeneralizado sobre a importancia de que o **ser humano adopte formas de comportamento sostíbeis**, que teñan en consideración os recursos naturais e a finitude dos mesmos. Todas as persoas participantes consideran que a degradación do medio ambiente que se está facendo patente ten que ver coa acción antrópica.

Moitas das persoas participantes relacionan estes cambios de comportamento co **modelo de produción e consumo actual**. Este discurso reflicte unha concienciación xeneralizada respecto aos riscos asociados ao modelo de desenvolvemento capitalista, percibido como un axente de degradación ambiental. As persoas participantes destacan a descarbonización da economía e o abandono dos combustíbeis fósiles como accións esenciais para a transición ecosocial.

Igualdade, Xustiza Social e Diversidade

A igualdade e a diversidade xorden como temas prioritarios no discurso das persoas participantes. Ao falar sobre estes temas, fíxose referencia, fundamentalmente, á **igualdade de xénero**, considerando a gran maioría de participantes que existen inequidades importantes entre homes e mulleres e sinalando explicitamente algunhas das participantes que a transición ecosocial debe ser feminista.

A **desigualdade de clases socioeconómicas** tamén foi mencionada por moitas das entrevistadas, que fixeron referencia a que existen importantes inequidades materiais e sociais entre as persoas dentro e fóra da comunidade da UCM e que esas inequidades deben ser tidas en conta para a transición ecosocial.

Un tema menos comentado, pero tamén mencionado por varias participantes, foi a **diversidade funcional** e as potenciais inequidades que derivan da mesma. A **diversidade racial** foi unicamente mencionada polas participantes do alumnado e a de **orientación sexual** só se comentou de forma superficial no grupo de PDI mulleres.

En xeral, considérase que a UCM debe ser un espazo que fomente a equidade e a diversidade, identificándose dúas posturas principais: unha postura maioritaria máis pesimista ou crítica coa institución e outra máis optimista que é minoritaria nos grupos. A primeira considera que as políticas institucionais e os **avances realizados en materia de igualdade na UCM foron insuficientes**. Estas persoas consideran que a Complutense reflicte na súa estrutura as desigualdades presentes na sociedade en termos de xénero, clase social, diversidade funcional e raza.

As voces destas participantes subliñan a existencia de **inequidades na UCM** entre diferentes categorías laborais o entre alumnado e profesorado e tamén entre persoas da mesma categoría (inequidades de xénero entre as persoas do alumnado ou profesorado,

por exemplo). Algunhas das participantes do perfil do alumnado, dos sindicatos e de PDI sinalan que as inequidades non afectan unicamente ás persoas, senón que tamén se producen desigualdades noutros ámbitos como na forma de xerar coñecemento ou entre as titulacións que ofrece a UCM, etc.

A postura minoritaria, que ten unha visión máis optimista do traballo realizado na UCM a este respecto, defende que os **esforzos institucionais nestes temas foron importantes e relevantes**, tendo un maior impacto positivo na igualdade e diversidade da comunidade da UCM da que consideran as participantes da outra postura. Estas persoas pertencen ao perfil de PTGAS e algún representante sindical e do perfil de PDI.

A **xustiza social** foi mencionada por persoas do perfil de PDI e do alumnado como un aspecto que debe ser central durante a transición ecosocial. Identifícase consenso en que a transición ecosocial é un proceso que podería reproducir as inxustizas sociais que existen entre o norte e o sur global, invisibilizando, como se fixo até o de agora, as realidades dos colectivos máis vulnerables.

Saúde e Alimentación

Aínda que si que se atopa certa preocupación pola sustentabilidade e a equidade nestes ámbitos, a saúde e a alimentación son **temas discutidos de forma moderada** no discurso das persoas participantes en comparación co resto de ámbitos anteriormente desenvolvidos. Unha idea que xurdiu no grupo do alumnado foi a conexión entre a saúde mental e os problemas ambientais, onde conceptos como a “**ecoansiedade**” emerxen como preocupacións comúns entre a mocidade. Esta noción reflicte o impacto emocional que provoca no alumnado o cambio climático e a percepción dun futuro incerto, especialmente nun contexto no que senten que as problemáticas ambientais e o impacto emocional que estas teñen sobre eles son, ás veces, subestimadas.

O alumnado móstrase especialmente interesado na saúde mental, considerando que a **universidade** é un espazo que pode ter un importante **impacto negativo no benestar emocional do alumnado** pola importante presión e rixidez propias dos estudos universitarios. Esta visión difire doutra, defendida por unha persoa do perfil de PTGAS, que considera que a maior prevalencia de problemas de saúde mental entre o alumnado ten que

ver co momento da vida no que se encontran e non con aspectos relacionados coa universidade ou a organización docente da mesma.

As participantes do alumnado sinalan que existen moitas iniciativas e **proxectos relacionados coa saúde mental na UCM**. Estas participantes sinalan que estas iniciativas parecen estar lonxe de ter un impacto real e perciben que poden ser estratexias da UCM para dar a impresión de que están tomando medidas “de cara á galería”.

Tamén se observa unha preocupación cara á sustentabilidade en temas de **alimentación**, cun enfoque na calidade e accesibilidade a alimentos sostíbeis e saudábeis nos servizos de restauración e nas máquinas expendedoras e de *vending* dentro do campus universitario.

Gobernanza

O ideario das persoas participantes sobre como debería ser a gobernanza na transición ecosocial foi, do mesmo xeito ca a saúde e a alimentación, un **tema comentado con moderación** nos grupos e entrevistas. Unicamente unha das participantes, do perfil de PDI, falou da gobernanza e da política como elemento central na transición ecosocial.

O discurso das persoas participantes sobre a gobernanza centrouse fundamentalmente no contexto universitario, sen facer referencia a organismos de gobernanza meso ou macro. Algunhas participantes, do perfil de PTGAS, PDI e dos sindicatos, defenden que os **organismos de gobernanza da UCM son democráticos e participativos**. Estas persoas defenden que a universidade conta cunha estrutura formalmente democrática, na que todos os cargos son elixidos e onde se garante a representación de distintos sectores da comunidade universitaria nos órganos colexiados.

A pesar desta estrutura democrática, o discurso inclúe voces críticas que consideran que a **baixa participación da comunidade universitaria** nos procesos democráticos limita a súa efectividade. Esta visión faise evidente nas opinións dalgúns participantes, que apuntan a unha “democracia silente”. Sinálase que, malia que existen mecanismos de participación, estes non sempre xeran o compromiso necesario para integrar de maneira efectiva as diferentes voces da comunidade.

Ademais, as participantes do grupo de PDI expresaron que os **procesos de participación impulsados institucionalmente** teñen unha **capacidade limitada para xerar un cambio**

real por percibirse como producidos desde arriba. Estas persoas consideran que isto provoca unha contradición, porque, dunha banda, é positivo que a institución fomenta os espazos de participación, pero, da outra, que os espazos de participación se fomenten desde a institución limita a súa capacidade de axencia.

A modo de **síntese**, o ideario das participantes sobre a transición ecosocial reflicte un amplo grao de acordo respecto á necesidade de cambios estruturais profundos no modelo económico e de consumo actual, percibido como insostíbel, por ser extractivista e patriarcal. Ademais, identifícase consenso entre as participantes sobre que a UCM ten un papel clave como motor da transición ecosocial, tanto a través da xeración de coñecemento, como mediante a implementación de prácticas exemplares. As reflexións iniciais das participantes sobre a transición ecosocial céntranse maioritariamente en aspectos medioambientais e económicos. Outros aspectos, como a igualdade, a xustiza social e a diversidade, tamén tiñan unha importancia fundamental, aínda que tendendo a ocupar un lugar menos central nos discursos espontáneos. Resáltase cun amplo nivel de consenso a importancia de abordar inequidades de xénero, socioeconómicas e de diversidade funcional na UCM. Por último, a saúde e a gobernanza foron dimensións menos discutidas, aínda que algunhas participantes destacaron a importancia dunha mirada integral que as incorpore como compoñentes esenciais da transición. As participantes identificaron oportunidades de mellora para garantir que os organismos de gobernanza da UCM sexan máis democráticos e centraron o seu discurso sobre a saúde en temas relacionados coa saúde mental, a ecoansiedade e a alimentación.

2.2 O papel da Universidade e da ciencia nas transicións ecosociais

ANTE A CRISE ECOSOCIAL, QUE UNIVERSIDADE PARA QUE SOCIEDADE?

Retos e propostas ante a transición ecolóxica e o negacionismo científico

Para extraer conclusións a partir da reflexión colectiva sobre esta cuestión desenvolveuse unha mesa redonda, moderada por Víctor Alonso Rocafort, profesor e investigador da

Facultade de Ciencias Políticas e Socioloxía e membro do Observatorio, na que participaron como poñentes Astrid Wagner, científica titular do Instituto de Filosofía del CSIC, Francisco Heras, educador ambiental e membro da Área de Adaptación da Oficina Española do Cambio Climático do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e Laura Nuño de la Rosa, profesora e investigadora da Facultade de Filosofía da UCM.

A primeira aproximación na mesa redonda trata de contextualizar a reflexión sobre o rol da universidade como actor con capacidade para xerar coñecemento e narrativas que contribúan a diagnosticar de maneira certa a crise ecosocial e a formular horizontes emancipatorios.

Neste sentido, resulta importante articular unha concepción crítica da ciencia que recoñeza a existencia de nesgos e valores nela e nos proxectos científicos, na liña dos últimos desenvolvementos da filosofía da ciencia, sen que iso invalide a súa valía e potencial, senón ao contrario. Unha comprensión da ciencia de acordo aos paradigmas actuais, capaz de aceptar un pluralismo de enfoques e métodos, ao tempo que é capaz de establecer consensos científicos, polo menos temporais, a partir dos labores de verificación e avaliación rigorosa por parte da propia comunidade científica, é un dos maiores retos aos que nos enfrontamos.

Por outra banda, as narrativas emancipatorias que acompañan unha ciencia ao servizo da democracia descansan precisamente en valores democráticos, como o respecto aos dereitos humanos, aos avances en cuestións de liberdades ou xustiza e, polo tanto, nun compromiso social e político explícito e asumido. Nese sentido, exprésase tamén un rexeitamento claro cara a calquera utilización de ferramentas de manipulación.

Unha primeira tarefa interesante para un Observatorio coma este sería a de seguir traballando na verificación de datos, na xeración de rigor e na crítica ás interpretacións falseadas e manipuladas. Achegar ao entendemento popular unha noción de ciencia que sexa capaz de aceptar a incerteza, lonxe das concepcións máis obsoletas dun positivismo centrado no descubrimento da certeza a nivel universal e eterno, é tamén un reto central, máis aínda ante os avances do relativismo da man de diversos negacionismos.

A continuación, preguntámonos sobre as condicións nas que se reflexiona e se xera coñecemento no ámbito científico e universitario, sobre a súa proxección cara ao exterior e o seu encontro coa representación política. A academia e o resto da sociedade, ou da

política, son ámbitos herméticos o un do outro? En caso de ser así, que vías de interlocución, enriquecemento e coprodución deberían promoverse?

A ciencia non se debe entender como unha actividade levada a cabo por elites en laboratorios segredos ou en torres de marfil. A ciencia non produce certezas absolutas, como dicíamos, senón estados evolutivos da investigación, certezas provisionais sometidas a procesos de revisión. Non se debe falar exclusivamente de coñecemento científico, senón de prácticas científicas, e dos seus mecanismos de control e revisión. Explicar a ciencia desde a humildade epistemolóxica é unha tarefa pendente na universidade. Porque unha ciencia que non produce certezas absolutas é o máis fiábel e rigoroso que temos para orientar as nosas vidas e impulsar as transformacións necesarias.

Na vertente relacional, hai que trazar un camiño de dúas direccións entre a universidade e a sociedade, á que poderíamos introducir un terceiro vértice, a dimensión da política. Son conexións que a miúdo están cheas de obstáculos, e algúns deles encóntranse estreitamente relacionados coas condicións que atopamos na universidade, en ámbitos como a gobernanza académica, a avaliación do persoal ou o financiamento dos proxectos. Unha cuestión especialmente relevante é a organización da actividade docente e investigadora por disciplinas, cerradas en especializacións por subáreas, entre as cales é moi complicado circular. Este parcelamento a miúdo produce *ignorantes hiperespecializados*, que se encontran exentos de todo compromiso social.

Tamén se debe de considerar que entre a universidade e a sociedade poden xurdir disonancias, algunhas delas asociadas á linguaxe que se emprega, en ocasións distinta na cultura popular e na universitaria. Por exemplo, mentres que na universidade o concepto de incerteza é unha expresión de precaución fronte a un coñecemento que sempre é revisábel, na cultura popular se algo é incerto é síntoma de que non é certo. Así, moitas veces desde a universidade trasládase un coñecemento e unha información a partir de conceptos que na cultura popular se interpretan de maneira diferente.

Débese avogar por cambiar o rol e integrarse de maneira máis harmónica e equitativa nos grupos ou equipos humanos que tratan de resolver problemas concretos en contextos socioambientais determinados. Desde a perspectiva dunha persoa que está fóra do contexto universitario, este cambio de rol é fundamental. É máis probábel que se consigan bos resultados cando hai unha integración en proxectos comúns da esfera académica, administrativa, social, etc. Todo isto desde unha perspectiva de xustiza social e ambiental,

onde desde unha mirada interseccional se poidan incorporar as voces dos grupos vulnerabilizados e polo xeral subrepresentados, así como socias e socios do Sur global.

A defensa da universidade pública debe ir máis alá da reivindicación sobre as condicións de acceso (financiamento público e acceso universal), e enfocarse en que queremos investigar, que queremos financiar, que queremos ensinar... A ciencia debe ser un proxecto social e, polo tanto, ha de estar ao servizo da sociedade que queremos. Estas arestas do debate sobre a universidade que queremos están fóra da axenda política, e teñen implicacións de ida e volta entre a universidade e as políticas públicas. Repensar isto implicaría pensar que tipo de ciencia queremos para que tipo de sociedade.

En relación á transferencia do coñecemento científico desde a universidade á sociedade, tradicionalmente a divulgación científica presentouse en termos exclusivamente de divulgación de contidos, isto é, centrouse en como explicar os avances científicos dun modo accesíbel para o público non especializado. Habería que realizar un esforzo adicional para tratar de explicar como funciona a actividade e o sistema científico. E débese resaltar e insistir en que os resultados da investigación científica son provisionalmente verdadeiros e confiábeis a pesar dos intereses que atravesan o sistema científico.

Finalmente, na mesa reflexiónase arredor do rol que a comunidade universitaria (institucións, profesorado, investigadores/as, alumnado) debe xogar como actor importante á hora de orientar o rumbo da sociedade.

En boa medida a resposta a estas cuestións pasa pola coherencia interna entre o discurso e a práctica. Na nosa sociedade vivimos en contradición permanente entre as nosas mensaxes explícitas sobre a crise ecosocial e a súa urxencia, e o mantemento dun modo de vida alleo a estas propostas, como se non pasase nada. O medio, por tanto, é a mensaxe, e aí temos un problema que desactiva o discurso. Unha primeira liña de traballo debe orientarse a intentar xerar ambientes e propostas minimamente coherentes, algo crucial para que o discurso teña credibilidade.

Outra dimensión clave pasa por impulsar procesos de autoorganización da comunidade universitaria. Os e as investigadores e investigadoras deben/mos buscar espazos nos que pór en común a nosa investigación, nos que saír da lóxica produtivista para transcendela e poder ver outras cousas. En definitiva, é imprescindible tomar conciencia do noso labor social como investigadores e investigadoras. Hai que erosionar as fronteiras disciplinarias e

atopar espazos de organización colectiva para transitar cara a outra forma de orientar o proceso investigador que permita ofrecer respostas aos retos ecosociais.

Para afrontar a crise e a necesaria transición ecosocial resulta por tanto crucial dotarnos dunha perspectiva ampla, holística, estruturada e interdisciplinaria, que vincule cuestións socioeconómicas, políticas, culturais e ambientais. E para desenvolver estas propostas tan multifocais necesítanse grupos de investigación interdisciplinarios que se baseen no exercicio constante do pensamento crítico. Así mesmo, é preciso entender e dar a entender que unha obxectividade é algo socialmente construído e que, a pesar diso, isto non conduce necesariamente a unha sorte de pseudoescepticismo.

Por último, é importante considerar en sentido amplo o papel que xogan a imaxinación, as narrativas e as ficcións para comunicar e dialogar entre o avanzado desde o plano científico coa sociedade. Débese desenvolver o papel do universo artístico para abrir cognitiva e emocionalmente perspectivas alternativas e novos horizontes para as transicións ecosociais.

2.3 A función social da universidade nas transicións ecosociais

ANTE A CRISE ECOSOCIAL, QUE UNIVERSIDADE PARA QUE SOCIEDADE

Colaboracións posíbeis entre a universidade e as entidades sociais

Para extraer conclusións a partir da reflexión colectiva sobre esta cuestión desenvólvese unha xornada de diálogo con entidades sociais do contorno madrileño para afondar na relación entre universidade e sociedade. Para iso, empregouse a metodoloxía de innovación social denominada *Café do mundo* (*World café*), que permite a un grupo de persoas dialogar a partir de preguntas sobre asuntos relevantes, para xerar ideas, acordos e camiños de acción creativos e innovadores, nun ambiente acolledor e amigábel. A rotación das persoas por diferentes mesas (de café) onde se presentan unha serie de cuestións permite compartir reflexións complexas con multitude de persoas, extraer conclusións

relevantes e enriquecerse intelectual e emocionalmente no proceso, malia seren grupos numerosos.

Á pregunta marco de: “Que achega a universidade á sociedade en termos reais?”, a conclusión xeral é que a universidade achega ciencia e coñecemento, así como elementos experienciais que poden ser útiles, tanto para o alumnado como para o resto da sociedade. Non obstante, a produción de coñecemento pode chegar a responder a intereses concretos cuns nesgos ideolóxicos determinados e, ademais, isto desenvólvese nun contorno de competición que pode non ser san en ocasións e dificulta a transferencia do coñecemento á sociedade.

Tamén se resalta a función da universidade (pública) como ascensor social (ascendente) para as clases populares.

No apartado de carencias estruturais, en cambio, a universidade peca de xerar distancias, en ocasións insalváveis, coa sociedade, mantendo incluso unha actitude de xordeira activa ás demandas que proveñen das entidades sociais. Destácase o feito da inexistencia de canles formais e permanentes de diálogo da sociedade coa universidade; sendo as redes de contactos directos e informais a única maneira de acceder irregularmente ás dinámicas universitarias desde a sociedade.

Ademais, sinálase que, como mecanismo de reprodución social, a universidade tamén se dedica de forma activa e pasiva a reproducir padróns contrarios á igualdade e aos valores democráticos, como o patriarcado ou o colonialismo.

En relación a que debería achegar a universidade á sociedade, exprésase o desexo de que a universidade participe en procesos motores do cambio, das transicións ecosociais, xunto con outros actores protagonistas da sociedade. Na mesma liña de diálogo coa sociedade, fórmase a necesidade de ofrecer coñecemento especializado e aplicado a necesidades detectadas pola sociedade.

Desde a óptica metodolóxica, demándase, por unha parte, a introdución da investigación militante na lóxica universitaria e, de maneira englobadora, de métodos de diálogo permanente entre universidade e sociedade que permitan mellorar a sintonía e utilidade do traballo conxunto.

Finalmente, por volta das posibilidades de colaboración entre a universidade e as entidades sociais, resáltanse a coprodución do coñecemento, a investigación militante e a codocencia

e innovación docente, así como a celebración de diferentes tipos de eventos, foros e/ou espazos de encontro de movementos sociais na Universidade.

Así mesmo, obsérvase a conveniencia de realizar unha exploración e unha caracterización dos casos de éxito de relación entre universo universitario e entidades sociais no contexto das transicións ecosociais, co obxectivo de xerar métodos replicábeis a diferentes escenarios e condicións.

Na lóxica de consolidar a relación entre universidade, a través do Observatorio UCM 2030, e entidades sociais, habílanse diferentes canles de comunicación, diálogo e participación para colaborar en iniciativas de interese común e seguir desenvolvendo ferramentas metodolóxicas que contribúan ás transicións ecosociais. Isto inclúe tamén a participación no traballo de investigación do Observatorio UCM 2030 e nos procesos de toma de decisións do mesmo.

3. Compromiso de futuro

A creación do Observatorio UCM 2030 realízase co obxectivo inicial de avaliar o desempeño da Universidade Complutense de Madrid na aplicación dos contidos da Axenda 2030 durante o período 2024-2030. Ademais, preséntase como un dispositivo que poida achegar ideas, iniciativas, ferramentas e calquera outro elemento que contribúa ao desenvolvemento dun plan posterior a 2030 para lograr un compromiso ecosocial compatíbel cos límites sociais e ambientais do planeta.

Neste sentido, a programación do Observatorio UCM 2030 para o ano 2025 consiste nas seguintes liñas de traballo:

- A. Constituír unha Rede interuniversitaria baseada en acordos de colaboración doutras universidades co Observatorio UCM 2030, tanto a nivel institucional como a nivel investigador.**
- B. Consolidar o diálogo coas comunidades locais e as entidades sociais para o desenvolvemento da función social da universidade para as transicións ecosociais.**
- C. Desenvolvemento, actualización e extensión da metodoloxía do Sistema de indicadores do Observatorio UCM 2030.**

- D. Promoción da necesidade do novo ODS 18 referido ao dereito a coñecer e a unha información veraz.**
- E. Plan de proxección cara á Axenda post-2030.**
- F. Elaboración dunha nova ferramenta educativa de transformación experiencial das universidades.**
- G. Investigación, debates e formación sobre "Que universidade, para que Axenda ecosocial, para que sociedade".**

AGRADECEMENTOS

Ao equipo investigador gustaríalle agradecer ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 pola concesión da subvención que fixo posíbel o desenvolvemento da investigación obxecto da presente comunicación ao Congreso.

Tamén agradecemos a todas as persoas que participaron na recompilación dos datos dos indicadores, sen as cales non sería posíbel obter os resultados aquí presentados.

REFERENCIAS

Alcaraz, A. e Alonso, P. (2019). La contribución de las Universidades a la Agenda 2030, València: Universitat de València.

Barnett, R. (2018), The Ecological University. A Feasible Utopia. London and New York: Routledge.

Cañibano, C. e Pavone, V. (2022) Desafío A. Ciencia, innovación y conocimiento para modelos sostenibles de desarrollo, en E. Moyano e T. García Azcárate (eds.) Nuevas bases para una sociedad global sostenible (Volumen 1), en J. Marco e M. Victoria Moreno-Arribas (coords.) Desafíos Científicos del CSIC: Rumbo al 2030 Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2022. http://libros.csic.es/product_info.php?products_id=1626

CRUE (2021). Universidad 2030. Propuesta para el debate. Disponible en: https://www.crue.org/wp-content/uploads/2021/11/CRUE_UNIVERSIDAD2030_VERSION-DIGITAL.pdf (xuño de 2022).

Gómez, M. LI. e Solana, J. (2016). Documento de Partida para el proceso para la modificación de la Estrategia de Cooperación Universitaria al Desarrollo, CRUE y Observatorio CUD.

OECD e JRC (2008). Handbook on Constructing Composite Indicators https://www.oecd-ilibrary.org/economics/handbook-on-constructing-composite-indicators-methodology-and-user-guide_9789264043466-en

SDSN, Sustainable Development Solutions Network Australia/Pacific (2017). Cómo empezar con los ODS en las Universidades. Una guía para las Universidades, los centros de

educación superior y el sector académico, Melbourne. Edición en español disponible en: <https://reds-sdsn.es/wp-content/uploads/2017/02/Guia-ODS-Universidades-1800301-WEB.pdf> (junio de 2022).

Universitat Politècnica de València (2020). Los ODS en las Universidades españolas: una propuesta de la UPV para medir su grado de cumplimiento. Valencia: UPV.

ANEXO

CAMPUS

GTТА

Transparencia no financiamento e recursos asignados aos distintos plans de igualdade, ou as accións da unidade de diversidade.

Eliminación de barreiras arquitectónicas para mobilidades diversas.

Impacto daquelas medidas/accións relacionadas coa xustiza social.

Transparencia nos estudos sobre a saúde mental e as respostas que se teñan dado a estes problemas.

Visibilización das distintas disciplinas nas Facultades.

Avaliación das estratexias para a convivencia nos campus, pola consecución dunha universidade solidaria e libre de violencias en todas as súas formas.

Comprobar as facilidades ou impedimentos que existen para a compaxinación de estudos coa actividade laboral e outros tipos de responsabilidades.

Analizar as axudas que se outorgan e que os criterios de concesión non sexan discriminatorios.

Consideración da perspectiva interseccional.

Transparencia no financiamento e recursos asignados ao Plan de igualdade, e ás accións da Unidade de diversidade.

GTTB

Promoción inequívoca da Enerxía accesíbel e non contaminante, preferentemente a través do autoconsumo.

Promoción da democracia enerxética a través da subministración con garantía de orixe renovábel mediante cooperativa/s de consumidores/as e usuarios/as, así como outros esquemas de propiedade pública-comunitaria nos campus.

Presenza das políticas de aforro e eficiencia enerxética nas actuacións da universidade, incluída a contratación.

Grao de introdución de modelos de xestión enerxética baseados na flexibilidade da demanda.

Promoción de infraestruturas e medios de transporte que priorizan o uso peonil, o da bicicleta e o do transporte público máis sustentábel.

Plans para reducir a pegada ecolóxica e o resto das externalidades, como os gases de efecto invernadoiro, dos campus da UCM.

Aumento de salarios dos e das traballadoras da UCM.

Crecemento do número de bolsas a alumnado.

Prácticas laborais do alumnado: créditos, retribucións e grao de adecuación coas actividades a realizar e responsabilidades asumidas.

Niveis retributivos das distintas categorías do persoal laboral e funcionario (PDI, PTGAS) en relación coas características do posto.

Diferenzas retributivas do persoal laboral e funcionario das distintas categorías do persoal laboral e funcionario (tramos salariais), e analizar desde o enfoque interseccional.

Análise dos procesos de promoción e do conxunto de actividades asumidas polas traballadoras e traballadores.

Prácticas laborais do alumnado: características e tipo de contrato coa entidade na que se realizan prácticas ou contratos formativos.

Prácticas laborais do alumnado: grao de adecuación do traballo cos plans formativos.

Temporalidade da relación laboral desde a óptica da seguridade de ingresos.

Condicións contractuais do persoal laboral e funcionario da universidade, así como do persoal subcontratado.

Condicións laborais das subcontratas e papel que xoga a universidade na subcontratación e as condicións que establece.

Adecuación do perfil investigador á asignación docente.

Infraestruturas e equipos adecuados para o desempeño laboral en PDI e PAS.

Desigualdades e brechas de xénero por categorías laborais; chan pegañento para as mulleres do PDI.

Grao de cobertura da negociación colectiva da comunidade universitaria.

Políticas de formación para PDI e PAS para facilitar e mellorar o desempeño do traballo na universidade.

Problemas de saúde mental.

Incidencia de riscos de accidente e elementos prexudiciais para a saúde vinculados ao exercicio da actividade laboral na universidade.

Grao de liberdade sindical e condicións para a realización de actividade sindical na universidade.

Contratos de mantemento, reparación, remodelación e/ou novas construcións de edificios e instalacións.

Compra a provedores da contorna.

GTTC

Acceso a alimentos saudábeis e con criterios ambientais e de xustiza social: ecolóxicos, agroecolóxicos, de proximidade, producidos baixo normativa ambiental (coidado de bosques ou pesca sostíbel), pegada hídrica, economía local, comercio xusto.

Acceso fácil, gratuíto e frecuente a fontes de auga potábel.

Casos de contaminación por diferentes fontes.

Calidade das zonas verdes e de descanso para gozar delas.

Medidas de prevención de riscos laborais, accidentes e para a saúde da comunidade universitaria.

Espazo dedicado á relación coa comunidade extrauniversitaria.

Incidencia da formación sobre contornos saudábeis.

Capacidade das infraestruturas deportivas.

GTTD

Existencia de sistemas de reparación para diferentes bens.

Criterios socioambientais na compra de material informático.

Presenza de especies autóctonas nos campus.

Cantidade (ou porcentaxe) de recollida de fracción orgánica dos residuos dos campus.

Impacto da actividade dos campus en terceiros países.

Programas relacionados co coidado recíproco dos ecosistemas terrestres con atención a estándares de xustiza ecolóxica global.

Políticas de redución da pegada de carbono.

Políticas activas de cara á supresión do uso de plásticos na UCM.

Fomento da biodiversidade no interior dos edificios universitarios da UCM.

GTTE

Representación de maneira equitativa dos diferentes grupos que conforman a comunidade universitaria (estudantes, PAS e PDI) nos órganos reguladores/ de goberno da universidade.

Transparencia da información ofrecida pola universidade, incluída información económica e orzamentaria.

Inclusión nos documentos normativos/ institucionais da universidade do compromiso expreso con principios éticos, tales como a paz, xustiza, igualdade, transparencia e Bo Goberno.

Estudantes de intercambio recibidos/as, así como os que se encontran en situación de mobilidade noutros centros.

Proxectos de cooperación ao desenvolvemento.

Iniciativas de innovación democrática (ampliación representación, novas canles, novas ferramentas).

Directrices de compra pública sostíbel (oficina contratación xerencia xeral).

Situación dos/as estudantes na bolsa de voluntariado da universidade.

Nivel de coherencia de políticas na contratación e compra da universidade.

DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

GTTA

Comprobación e seguimento da implementación das adaptacións á diversidade por parte do persoal docente.

Responsabilidade sobre posíbeis barreiras para pór en marcha actividades dirixidas a mellorar a xustiza social na universidade.

Seguimento das comunidades de aprendizaxe, aprendizaxes colectivas e a Universidade dos cidadados.

Presenza de eixes transversais que recollan diversidade de perspectivas.

Grao de integración de docencia e investigación orientados ás transicións ecosociais.

Proporción de alumnado con necesidades educativas especiais.

Reconto de iniciativas efectivamente transversais de docencia e investigación (proxectos, grupos, comunidades de aprendizaxe).

Reconto de iniciativas de co-docencia, co-produción e co-deseño de coñecemento e investigación militante.

Garantía explícita da fin dos discursos coloniais, machistas, racistas, capacitistas, lgtbiq+fóbicos etc., no ámbito docente.

GTTB

Promoción inequívoca das fontes renovábeis e o autoconsumo fronte ás empresas de combustíbeis fósiles e de enerxía nuclear.

Promoción inequívoca da subministración renovábel e cooperativa fronte a prácticas máis ineficientes e menos democráticas.

Promoción inequívoca do aforro e da eficiencia enerxética como ferramentas esenciais de sustentabilidade, e xustiza e democracia enerxética.

Promoción de esquemas de propiedade pública-comunitaria como ferramentas de liberdade efectiva, que se confire a través do acceso a (e o control) da enerxía que alcance o conxunto da poboación.

Promoción de infraestruturas e medios de transporte que priorizan o uso peonil, o da bicicleta e o do transporte público máis sostíbel.

Desenvolvemento de sistemas de contabilización da pegada ecolóxica, e outras externalidades, adaptada á realidade universitaria.

Grao de substitución do PIB polo IDS para medir o progreso e grupos de investigación vinculados.

Materias sobre o retorno social e similares como medida do desenvolvemento.

Alumnos/as en titulacións relacionadas coa sustentabilidade e/ou ODS.

Actuacións de transferencia social (en dobre sentido) en sustentabilidade e/ou ODS.

Dotacións orzamentarias de seccións, departamentos, facultade e a súa idoneidade para financiar as actividades esixidas para cumprir cos criterios das traxectorias profesionais vinculadas á docencia e á investigación.

Tratamento das condicións contractuais e características laborais decentes que permitan a conciliación e promovan a corresponsabilidade nos programas docentes, formación PDI, proxectos de investigación, premios de TFM ou teses etc.

Actuacións de promoción e incentivos na investigación sobre este ODS (traballo decente) e para promover o alcance de obxectivos/metast asociados a este ODS en materia de dereitos laborais.

Existencia de comisión ou grupo encargado de asesorar os equipos docentes na adaptación dos currículos.

Incentivos de recoñecemento a nivel interno da universidade que valore a innovación educativa ou as boas prácticas en suficiencia, racionalidade e sustentabilidade; de xustiza social e dereitos humanos; de perspectiva feminista e interseccional.

Grao de incorporación e transversalización destas cuestións na docencia universitaria.

N.º TFG e TFM sobre estas cuestións.

Produción de investigación sobre estas cuestións.

GTTC

Proxectos de investigación e desenvolvemento relacionados coa mellora da alimentación universitaria desde o punto de vista ambiental, social e nutricional.

Casos nos que os horarios de docencia sexan incompatíbeis cunha boa alimentación.

Seguimento do traballo en equipo e socialmente útil de docencia.

Grao de coherencia das guías docentes cos enfoques expostos.

Incorporación dos enfoques de saúde comunitaria nos percorridos académicos oportunos.

Investigacións relacionadas con sistemas alimentarios e alimentación con criterios ecosociais.

Materias de mestrado que contan con bibliografía básica/obligatoria relacionada coa agroecoloxía, a fame cero e dereito a unha alimentación sa, nutritiva e suficiente, a auga limpa e a saúde e o benestar.

GTDD

Proxectos de investigación e desenvolvemento relacionados coa conveniencia e as técnicas de reparación de tecnoloxía.

Proxectos de investigación e desenvolvemento relacionados coa conveniencia da economía circular e as técnicas de retorno de envases.

Oferta académica/ formativa en medio ambiente e/ou mitigación dos efectos do cambio climático, por exemplo, planificación ante catástrofes naturais, ou transversalizar estas cuestións en todos ou algún/s dos seus graos, mestrados e programas de doutoramento.

Proxectos/programas de I+D+i e transferencia, materias de mestrado e TFM enfocados a loitar contra o cambio climático e paliar os seus efectos.

Proxectos/programas de I+D+i e transferencia, materias de mestrado e TFM enfocados á protección dos ecosistemas terrestres.

GTTE

Proxectos/ programas de I+D+i e transferencia enfocados ás cidades e comunidades sostíbeis.

Materias de mestrado nas que a promoción da paz, a xustiza e as institucións fortes estea entre os obxectivos de aprendizaxe e/ou as competencias a adquirir.

Potenciación da ciencia cidadá como estratexia de innovación institucional (docente, investigadora, transferencia).

Materias de mestrado nas que a promoción de alianzas para lograr os ODS estea entre os obxectivos de aprendizaxe e/ou as competencias a adquirir.

Seguimento das políticas explícitas para apoiar a liberdade de cátedra.

DISCURSOS E PRÁCTICAS INSTITUCIONAIS

GTTA

Implementación dunha política de responsabilidade social universitaria.

Integración dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel nas súas políticas estratéxicas.

Seguimento de grupos multidisciplinares para coordinar e propoñer as accións encamiñadas a implementar a Axenda 2030.

Estratexia sobre Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel que teña en conta a dimensión sociolóxica.

Cota de matriculación de mestrados para estudantes con diferentes vulnerabilidades, máis alá das cualificacións nos expedientes, para evitar unha re-elitización.

Transparencia na comunicación da execución dos distintos protocolos contra as violencias.

Seguimento das denuncias por partes de vulneración de dereitos.

Render contas do espazo de participación universitaria.

Propostas de medidas para mellorar o acceso ao sistema universitario e o pleno deleite da vida universitaria.

Impacto das medidas desenvolvidas de diversidade.

Empregados/as subcontratados/as con representación en seccións sindicais e/ou con representación en órganos de decisión da Universidade.

Presentación dos datos universitarios desagregados por xénero.

GTTB

Promoción inequívoca das fontes renovábeis e o autoconsumo fronte ás fósiles (e nuclear) en todas as prácticas e comunicacións institucionais, incluídos os diferentes campos de colaboración con empresas.

Promoción inequívoca da subministración renovábel e cooperativa fronte a prácticas máis ineficientes e menos democráticas en todas as prácticas e comunicacións institucionais, incluídos os diferentes campos de colaboración con empresas.

Promoción inequívoca do aforro e a eficiencia enerxética como ferramentas esenciais de sustentabilidade, e xustiza e democracia enerxética en todas as prácticas e comunicacións institucionais, incluídos os diferentes campos de colaboración con empresas.

Promoción de esquemas de propiedade pública-comunitaria en todas as prácticas e comunicacións institucionais, incluídos os diferentes campos de colaboración con empresas.

Penalización da explotación, acaparamento e/ou espolio enerxéticos vinculados ás prácticas e comunicacións institucionais, incluídos os diferentes campos de colaboración con empresas.

Promoción das infraestruturas e os medios de transporte que priorizan o uso peonil, o da bicicleta e o do transporte público máis sostíbel en todas as prácticas e comunicacións institucionais, incluídos os diferentes campos de colaboración con empresas.

Acordos institucionais de redución da pegada ecolóxica e sistemas de penalización dos actores que superen certos valores de pegada ecolóxica na súa actividade, así como do resto de externalidades da actividade universitaria.

Discursos alternativos ao crecemento (PIB).

Medición do retorno social das accións da UCM.

Cargos institucionais e partidas orzamentarias dedicadas a sustentabilidade e/ou ODS.

Recursos económicos dedicados a retribución do persoal interno e subcontratacións, valoración da súa adecuación coas necesidades da actividade da universidade.

Medidas asociadas ao dereito á desconexión.

Política de prevención de riscos laborais.

Rede de actores que garanta as condicións incorporadas nos pregos de compra e contratación.

Mecanismos efectivos para favorecer a gobernanza democrática da construción, adaptación e mantemento de infraestruturas.

Políticas de investimento, formación e mantemento de infraestruturas que recollen e priorizan estes criterios de suficiencia, racionalidade e sustentabilidade.

Valoración de medidas para promover a conciliación e a corresponsabilidade na universidade.

Avaliación da traxectoria da financiamento público (estatal, autonómico...) e privado da universidade e comparativa cos gastos de persoal e correntes da actividade da institución.

Participación da universidade a nivel local, nacional, rexional ou internacional no debate e/ou elaboración de políticas institucionais arredor do tema da produción, abastecemento e xestión sostíbel da enerxía; crecemento económico sostíbel e a produción de emprego digno e de calidade; promoción de infraestruturas sostíbeis; produción e consumo ético, sostíbel e responsábel.

Iniciativas de participación da universidade co seu contorno local para contribuír a mellorar a dispoñibilidade de enerxía e xestión sostíbel da mesma por parte da poboación; na promoción de modelos de produción e consumo sostíbeis, éticos e responsábeis.

Evolución do financiamento para a promoción destes obxectivos.

Pertenza a REAS.

GTTC

Mecanismos e persoas dedicadas a controlar as políticas alimentarias de cafeterías, comedores, cantinas, máquinas e residencias universitarias.

Comida ecolóxica e local en “eventos oficiais”.

Contratos de colaboración con proxectos agroecolóxicos.

Políticas universitarias (programas, bonificacións a PDI e PTGAS , estudantes...) que facilitan o acceso a alimentos nutricionalmente adecuados e con criterios ecosociais.

Seguimento de accións de extensión universitaria e de participación da comunidade universitaria relacionadas coa alimentación e a saúde desde os enfoques propostos.

Políticas de promoción da actividade física (competitiva e non competitiva).

Políticas asociadas (para diagnóstico, seguimento e mellora) sobre contaminación nas súas diferentes formas aliñadas coas demandas da comunidade universitaria e a normativa.

Participación da universidade a nivel local, nacional, rexional ou internacional no debate e/ou elaboración de políticas institucionais arredor do tema da saúde e o benestar.

GTDD

Seguimento da limitación do financiamento de viaxes en avión contida nos acordos internos da universidade.

Seguimento de figuras xurídicas naturais promovidas (ex. Mar Menor).

Seguimento das alianzas nas que participa a universidade con outras universidades, o sector privado, organizacións da sociedade civil, ONG etc., que contemplan entre os seus fins: a loita contra o cambio climático e mitigación do seu impacto, e/ou a preservación dos ecosistemas terrestres e xestión sostíbel dos seus recursos.

GTTE

Participación da comunidade universitaria na toma de decisións.

Seguimento das noticias da comunicación institucional (motivadora, facilitadora, activadora) para a sustentabilidade universitaria e a sustentabilidade urbana/mundial.

Seguimento das actuacións de comunicación externa (RRSS, notas de prensa, noticias, etc.) que están relacionadas cos contidos da Axenda 2030.

Seguimento das iniciativas de participación por volta da sustentabilidade universitaria coa comunidade universitaria (asociacións estudantís, sindicatos, redes profesores).

Directrices para que a ciencia cidadá sexa a estratexia de innovación institucional (docente, investigadora, transferencia).

Alianzas para a sustentabilidade universitaria/ sustentabilidade mundial nas que participa a universidade.

Seguimento dos partenariados público-privados.

Grao de satisfacción co funcionamento da inspección de servizo.

Seguimento dos obstáculos ou barreiras (en termos normativos e de prácticas institucionais) ao libre exercicio de actividades de participación política e/ou democrática.

Grao de facilidade de acceso e usabilidade das ferramentas dixitais e as bases de datos da universidade.

Mecanismos de control do cumprimento (e sancións) das condicións ecosociais nos procesos de compra e contratación da universidade.